CONCELLO DE SANTIAGO

TRÁFICO

# OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON ELEMENTOS AUXILIARES DE OBRA

Modelo **M02**

## Interesado

| DOI / CIF | Nome e apelidos / Razón social | | | |
|---|---|---|---|---|
| Rúa | Núm. | Escaleira | Andar | Porta |
| CP | Municipio | Provincia | Teléfono / | |
| Correo electrónico | | | | |

## Representante

| DOI | Nome e apelidos | | | |
|---|---|---|---|---|
| Rúa | Núm. | Escaleira | Andar | Porta |
| CP | Municipio | Provincia | Teléfono / | |
| Correo electrónico | | | | |

## Empresa titular do elemento auxiliar de obra

| CIF | Nome | | | |
|---|---|---|---|---|
| Rúa | Núm. | Escaleira | Andar | Porta |
| CP | Municipio | Provincia | Teléfono / | |
| Correo electrónico | | | | |

## Datos da ocupación

Rúa | Núm.

Tipo de elemento auxiliar: **con valado**

- ☐ Elevador (PEMP)
- ☐ Guindastre autopropulsado
- ☐ Montacargas
- ☐ Camión con guindastre
- ☐ Valado obras
- ☐ Silos de morteiro

**Sen valado**

- ☐ Camión
- ☐ Estada
- ☐ Outros:______________________
- ☐ Colector/saca entullos
- ☐ Caseta obra

Tipo de superficie a ocupar (sinalar as que correspondan segundo a proposta de implantación a incluír)

- ☐ Ocupación da beirarrúa
- ☐ Corte de carril
- ☐ Ocupación banda aparcamento
- ☐ Corte de rúa
- ☐ Ocupación carril circulación
- ☐ Outras: ______________________________

| Metros totais a ocupar (engadida a superficie valada) m² | Período de ocupación (sinalar o que proceda) Días: Meses: | Horario de ocupación (se procede) Dende: Ata: |
|---|---|---|

Xustificación da necesidade da ocupación (sinalar a que proceda)

- ☐ Licenza de obra nº _____________
- ☐ Orde execución nº _____________
- ☐ Comunicación previa nº rexistro entrada _____________ de ___/___/20___
- ☐ Outra xustificación _______________________________________

**Cumprimentar só en caso de ocupación con elevador (PEMP), guindastre ou camión**

Modelo / marca: ________________________________ Matrícula: _________ Tonelaxe (PMA): _________ kg

Número de documento de ingreso das taxas municipais

**Nota:** Coa solicitude achegarase a documentación que figura no reverso. O Concello, de consideralo necesario, poderá requirir calquera outra documentación complementaria.

Santiago de Compostela, _______ de ____________________ de 20_____

Asinado: ______________________________________________

| Rexistro número: |
|---|
| Expediente número: |

**EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Consonte o disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Santiago de Compostela relacionados con este trámite. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que presentará no Rexistro Xeral do Concello.

## A) DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACHEGAR COA SOLICITUDE DE INSTALACIÓN DE ESTADAS, MONTACARGAS, VALADOS, SILOS DE MORTEIRO, CASETAS DE OBRA E GUINDASTRE-TORRE NA VÍA PÚBLICA:

**EN TODOS OS CASOS**

- Fotocopia do documento de identidade do/a solicitante. No caso de actuar en representación, fotocopia dos documentos de identidade do representante e o solicitante, coa autorización escrita deste último ou fotocopia de poder para representalo.
- Xustificación da necesidade de ocupación achegando, se é o caso, fotocopia da licenza de obra, orde de execución, comunicación previa de obras presentada no Concello ou outras causas que motiven a instalación.
- Proposta de implantación:
    - Plano de situación.
    - Planos da ubicación do elemento auxiliar, con acoutamento de beirarrúas e calzada, distancias a fachadas e bordo da beirarrúa, mobiliario urbano, calzadas con reserva especial de estacionamento ou nas que non estea permitido o mesmo, etc.
    - Planos de alzado e sección nos que se definan claramente as medidas de seguridade con relación á vía pública, sinalización, itinerarios peonís protexidos, área de manobra para carga e descarga, recinto valado, etc.
    - Fotografías do viario e do contorno da zona obxecto de implantación en relación co espazo público afectado e os usuarios do mesmo, con especial referencia ás medidas de seguridade e a posible afección a accesos e servizos de interese xeral: pasos, arquetas, rexistros, etc.
- As solicitudes de ocupación da vía pública no ámbito da Cidade Histórica deberán incluír en todo caso documentación fotográfica en cor acreditativa do estado actual dos pavimentos e dos elementos de urbanización da zona afectada pola ocupación.
- Copia do xustificante do ingreso das taxas municipais pola ocupación e que deberá realizar previamente á presentación desta solicitude.
- Declaración responsable do compromiso de asunción e reposición de danos, segundo o modelo oficial.

**SEGUNDO O ELEMENTO AUXILIAR DE OBRA A INSTALAR:**

**A) ESTADAS, ESTADAS COLGADAS OU SIMILARES**

• Declaración responsable para a instalación de estada na vía pública segundo o modelo que corresponda:

– Estada con elementos prefabricados (estada tubular) conforme á norma UNE-EN 12810-1:2005 ou equivalente.
– Estada fixa con obrigación de plan de montaxe, de utilización e de desmontaxe.
– Estada fixa sen obrigación de plan de montaxe, de utilización e de desmontaxe.
– Estada de caballetes ou borriquetas.
– Estada-plataforma suspendida de nivel variable ou estada-plataforma elevadora sobre mastro.

• Se a estada ten asociado outro elemento auxiliar (montacargas, colector, saca de entullos, etc.) presentarase tamén a documentación requirida para este elemento.

**B) MONTACARGAS DE OBRA**

• Declaración responsable para a instalación de montacargas de obra na vía pública.

**C) VALADOS DE RECINTOS DE OBRAS**

• Memoria de materiais e deseño do valado con planos de sección e alzado do mesmo, nos que se reflicte as afeccións ó viario público, sistemas de ancoraxe, medidas de seguridade, sinalización e itinerarios peonís.

**D) SILOS DE MORTEIRO**

• Memoria e planos do emprazamento en alzado e sección da instalación (agás casos debidamente xustificados situaranse na zona de aparcamento), das medidas de seguridade e protección contra a posible contaminación, do valado de pechamento e das conducións de subministro.

**E) CASETAS DE OBRA**

• Cando se trate de obras de urbanización, implantación ou modificación de servizos na vía pública, presentarase esbozo de ocupación en planta, situación solicitada, necesidade de servizos e acometidas, etc.

• No caso de obras de edificación, e de conformidade co disposto no artigo 52 da Ordenanza reguladora, queda prohibida a súa colocación na vía pública. Naqueles supostos excepcionais nos que resulta imposible a súa situación dentro da parcela privada, presentarase memoria xustificativa e esbozo segundo o indicado no apartado anterior.

**E) GUINDASTRES TORRE**

Salvo xustificación expresa non se implantarán na vía pública, de conformidade co disposto no artigo 42 da Ordenanza reguladora de actividades, instalacións e ocupacións na vía pública do Concello de Santiago de Compostela.

## B) DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACHEGAR COA SOLICITUDE DE INSTALACIÓN DE COLECTORES E SACAS DE ENTULLO, PLATAFORMAS ELEVADORAS, GUINDASTRES-MOBILES, GUINDASTRES AUTOCARGANTES E CAMIÓNS SENGUINDASTRE NA VÍA PÚBLICA:

**EN TODOS OS CASOS**

• Fotocopia do documento de identidade do/a solicitante. No caso de actuar en representación, fotocopia dos documentos de identidade do representante e o solicitante, coa autorización escrita deste último ou fotocopia de poder para representalo.
• Xustificación da necesidade de ocupación achegando, se é o caso, fotocopia da licenza de obra, orde de execución, comunicación previa de obras presentada no Concello ou outras causas que motiven a instalación.
• Plano de situación.
• Plano de planta acoutado da situación do elemento auxiliar.
• Copia do xustificante do ingreso das taxas municipais pola ocupación e que deberá realizar previamente á presentación desta solicitude.
• Declaración responsable do compromiso de asunción e reposición de danos, segundo o modelo oficial.

**SEGUNDO O ELEMENTO AUXILIAR DE OBRA A INSTALAR:**

**A) COLECTORES E SACAS DE ENTULLOS**
• Declaración responsable para a instalación de colectores e/ou sacas de entullos na vía pública.

**B) PLATAFORMAS ELEVADORAS MÓBILES DE PERSOAL (PEMP)**
• Declaración responsable para a instalación de plataforma elevadora móbil de persoal na vía pública.

**C) GUINDASTRES MÓBILES AUTOPROPULSADOS**
• Declaración responsable para a instalación de guindastre móbil autopropulsado na vía pública.

**D) GUINDASTRES AUTOCARGANTES (CAMIÓN-GUINDASTRE)**
• Declaración responsable para a instalación de guindastre autocargante (camión-guindastre) na vía pública.

**E) CAMIÓNS SEN GUINDASTRE OU VEHÍCULOS DE GRAN TONELAXE**
• Declaración responsable para o acceso e utilización de camións sen guindastre ou vehículos de gran tonelaxe na vía pública.

**NOTAS**

- Nas instalacións proxectadas no espazo público deberá observarse o cumprimento da normativa de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, prevención de riscos laborais e o disposto no Capítulo I do Título III (artigos 32 a 34) da Ordenanza reguladora.
- Para outros elementos auxiliares de obra, a documentación será determinada polo Departamento Municipal de Tráfico atendendo á clase de ocupación que se proxecte realizar.
- A instalación de: camión con guindastre, guindastre autopropulsado, elevador (PEMP), montacargas e silos de morteiro requirirán, en todos os casos, o valado da instalación.
- **Calquera medio auxiliar que se utilice conxuntamente con outro xa autorizado, ben para transporte, carga e descarga, apoio a instalación, etc... deberá contar previamente coa correspondente autorización municipal de ocupación de vía pública.**
- As autorizacións solicitaranse ou ben para días concretos ou ben para períodos de tempo (1 semana, 15 días, 1 mes...), neste caso, o prazo comezárase a contar a partires do día seguinte do indicado polo interesado na solicitude ou, en ausencia de dita comunicación, ao día seguinte da recepción da notificación do acordo.

CONCELLO DE SANTIAGO

# DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ASUNCIÓN DE RESPONSABILIDADE POR DANOS

D./Dna. ______________________________________________________________

con N.I.F.________________________________ en nome propio ou en representación de ______________________________________________________ declara **BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE** que:

Por ter solicitado ante o Concello de Santiago de Compostela autorización para ocupación da vía pública en ______________________________________________ con (elemento auxiliar) __________________________________, **asume a obriga** de reposición ou arranxo dos danos, afeccións ou mantemento do ornato de bens ou servizos municipais ou a limpeza da vía pública; así como os que puideran causarse a terceiros e demais gastos que puidesen ocasionarse pola ocupación solicitada.

En Santiago a____ de ______________________ de 20___

A/O DECLARANTE

Asdo.: